

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, a prol da ampliación de prazo, ampliación de Estacións de Inspección de Equipos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios, a redución de custe nas Inspeccións periódicas en equipos de aplicación de produtos fitosanitarios e a subvención para a adquisición de equipos novos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Directiva 2009/128/CE, sobre o uso sostible dos plaguicidas, establece a obrigatoriedade das inspeccións periódicas aos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.

O Real decreto 1702/2011, sobre inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios e o Decreto galego 69/2014, do 15 de maio, establece que os ditos equipos serán inspeccionados de acordo cun programa de inspeccións elaborado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

O obxecto destas inspeccións dos equipos e máquinas de aplicación de produtos fitosanitarios é comprobar o estado e o seu funcionamento para conseguir unha correcta aplicación do produto nos cultivos agrícolas. Ademais, que cumpra coa normativa de seguridade respecto ao operador e coa normativa medioambiental para protexer tanto ao aplicador como ao entorno agrícola.



Todos os equipos haberá que inscribilos no ROMA (Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola) de cada provincia.

As inspeccións realizaranse nas Estacións de Inspección de Equipos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios (ITEAF).

Os equipos deben de pasar dita revisión nos cinco primeiros anos desde a súa compra cando son novos, e as inspeccións posteriores serán cada cinco anos, agás para os que prestan servizos a terceiros, nos que farase cada tres anos.

A partir do ano 2020, as inspeccións faranse cada tres anos, polo cal volvese a observar un forte afán recaudatorio ca citada revisión.

En todo caso, todos os equipos obrigados deberán estar inspeccionados polo menos unha vez antes do 26 de novembro de 2016.

O resultado das inspeccións será favorable cando non se detecte defecto grave, entendendo como tal o que afecte severamente á calidade de distribución do produto, á seguridade do operario ou ao ambiente, e está tipificado no manual de inspeccións.

Cando o resultado das inspeccións sexa desfavorable, non se poderá utilizar o equipo. A ITEAF emitirá un certificado cos defectos leves ou graves que haberá que subsanar, e terán un prazo de 30 días contados desde da emisión do certificado para subsanalos.

**A día de hoxe, calculase que tan solo un 35% da maquinaria afectada por dita inspección pasou de forma favorable a mesma**, polo que, entendendo que deben de existir tales revisións, para evitar accidentes laborais, posibles enfermidades o estar en contacto directo con produtos fitosanitarios,



contaminación medioambiental, etc... Dende En Marea, compartimos o sentir de centos de agricultores e só vemos en esta medida un alto afán recaudatorio.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Ampliar o prazo para pasar dita inspección ata o mes de marzo do ano 2017.
- 2.- Ampliar o número de Estacións de Inspección de Equipos de Aplicación de Produtos Fitosanitarios (ITEAF) nas comarcas de A Limia e Verín (en Ourense) e na comarca de A Terra Chá (Lugo), por ser as comarcas que máis lonxe se atopan de ITEAF's (na provincia de Ourense tan só existe unha no Barco de Valdeorras), a pesar de representar o 17'68% do censo total de equipos na Galiza.
- 3.- Dotar unha partida para subvencionar a adquisición de equipos novos a tódolos agricultores que dispoñan de equipos que non pasen a inspección, xa que un equipo novo pode pasar dos 20.000€ de custe.
- 4.- Reducir o custe da inspección e das multas un 50%, xa que nos parece excesivo para un sector que día tras día ven reducir os ingresos por mor das políticas neoliberais que dende Europa están a aplicar en favor dos tratados de libre comercio.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 22/11/2016 13:31:40**

**David Rodríguez Estévez na data 22/11/2016 13:31:53**

**Luis Villares Naveira na data 22/11/2016 13:32:03**